

Declaración institucional sobre protección dos murais de Urbano Lugrís situados na Rúa Olmos, 25- A Coruña

Urbano Lugrís González (A Coruña, 28 de xaneiro de 1908 - Vigo, 23 de decembro de 1973) foi un dos grandes artistas plásticos galegos do século XX, autor dunha plástica surrealista que nace da recreación onírica do mundo mariño, habitada por paisaxes imposíbeis rodeadas de seres míticos nunha atmosfera propia e recoñecida baixo a súa exclusiva sinatura.

Para alén doutras facetas artísticas, entre as que cómpre destacar a escrita, é autor dunha prolífica obra pictórica que ofrece unha singularidade: unha parte desa obra artística son orixinais murais realizados in situ nas paredes interiores de edificios públicos e privados.

Un dos lugares que acolle varios murais de Lugrís é un edificio situado na Rúa Olmos, 25 na cidade da Coruña, o inmóbel, a pesares de estar situado nun dos barrios máis emblemáticos da Pescadería, dentro do ámbito de actuación PEPRI (Plan Especial de Protección e reforma interior da Cidade Vella), está nun estado de abandono e deterioración que, entre outras incidencias, provoca filtracións de auga ao interior e tamén un derrubamento de parte da galería de madeira e que provocou que os bombeiros da cidade herculina tivesen que actuar para sanear a fachada. Todo isto está a pór en perigo a conservación do tesouro artístico que representan o murais de Urbano Lugrís como parte do seu rico legado artístico, catalogado como Patrimonio Cultura de Galiza.

Por todo isto, os grupos políticos que formamos parte desta corporación queremos solicitarlle ao Concello da Coruña e á Xunta de Galiza

Que se activen todas as accións e medidas necesarias para asegurar a a protección, conservación e restauración dos murais de Urbano Lugrís que se achán no interior do edificio da Rúa Olmos, 25 na cidade da Coruña.

Amosamos a dispoñibilidade da Deputación da Coruña en colaborar co Concello e coa Xunta naquelas iniciativas que estean destinadas á conservación da obra de Urbano Lugrís.